

PERSOAL COLABORADOR NAS PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE – 2026

Os vindeiros meses de xuño e xullo terá lugar a Proba de Acceso á Universidade (PAU). Por tal motivo a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) solicitou, como cada ano, que a Universidade de Vigo seleccione o persoal administrativo que colaborará coas Comisións Delegadas no desenvolvemento das probas.

Deste xeito, en datas e en número de persoas acordado pola CIUG, a selección do persoal colaborador realizarase consonte as seguintes

BASES

1.- Persoal colaborador

PAU 2026				
Administrativos/as				
Campus	C.D.	Centro	Xuño	Xullo
OURENSE	19	Facultade de Dereito	2	1
	20	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	2	
	21	Edificio Politécnico	2	
	22	F. de Historia, e de Educación e Traballo	2	
	23	IES Cosme López Rodríguez	1	1
	Total		9	2
PONTEVEDRA	24	Facultade de Comunicación	2	
	25	F. de Ciencias de Educación e do Deporte	2	
	26	Escola de Enxeñaría Forestal	2	1
	37	EPAPU Río Lérez	1	
	Total		7	1
VIGO	27	Escola de Enxeñaría Industrial (sede Cidade)	2	
	28	Facultade de Comercio	2	
	29	Facultade de Filoloxía e Tradución	2	1
	30	Facultade de C. Económicas e Empresariais	2	
	31	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	2	
	32	Edificio de Ciencias Experimentais	2	1
	33	Escola de Enxeñaría Industrial (sede Campus)	2	
	34	Escola de Enxeñaría de Minas	2	
	35	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	2	1
	Total		18	3

2.- Solicitudes

2.1. Poderá solicitar a súa participación o persoal funcionario de carreira e interino dos subgrupos C2 e C1 da subescala administración que ocupe postos na escala técnica administrativa e auxiliar administrativa e que estean a percibir retribucións correspondentes a un nivel de complemento de destino igual ou inferior ao 20.

Para formar parte das comisións delegadas é imprescindible non estar incurso/a, durante este curso, nalgunha das causas de abstención das previstas no Artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, nomeadamente:

Artículo 23. Abstención.

23.2. Son motivos de abstención os seguintes:

- a) Tener interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influir a aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados (persoas que se presenten á PAU), cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveña no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas na alínea anterior.
- d) Ter intervindo como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

2.2. A efectos desta convocatoria os datos das persoas solicitantes referiranse á súa situación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

2.3. Consonte establece a CiUG procederase ao nomeamento e adscrición preferente das persoas solicitantes ás Comisións Delegadas situadas **na mesma localidade onde realizan o seu traballo**, a tal efecto deberá solicitarse, en primeiro lugar, as sedes máis próximas á localidade onde se desenvolve o traballo.

2.4. A presentación de solicitudes require a realización dos seguintes pasos:

1. Cumplimentar e descargar o formulario de solicitude na Secretaría Virtual <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/1783>
2. Presentar o formulario na Sede electrónica da UVigo (<https://sede.uvigo.gal>), a través de procedemento “**SEXT – Persoal colaborador** nas probas de acceso á Universidade 2026”.
3. Coa presentación da solicitude, a persoa interesada acepta cumprir as bases da presente convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes rematará **o día 11 de marzo de 2026**.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RXPd 2016/679 e LOPDGD 3/2018)

RESPONSÁBEL DO TRATAMENTO: Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG);

FINALIDADES DO TRATAMIENTO: A xestión da súa solicitude de participación nas comisións delegadas e de avaliación durante o desenvolvemento das probas PAU, así como a súa tramitación;

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: O consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a de o RGPD), o cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao Responsábel (artigo 6.1,c do RGPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsábel (artigo 6.1,e do RGPD);

DESTINATARIOS DOS DATOS: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude;

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigações legais do Responsábel;

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da Política de Privacidade (<https://www.cisug.gal/proteccion-datos/>)

CONTACTO PERSOA DELEGADA DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@cisug.gal

3.- Normas de selección

Poderá participar o persoal da subescala de administración, dos subgrupos C2 e C1, que estén en servizo activo tanto no prazo de presentación de solicitudes como no prazo de celebración dos exames PAU.

Establécese a seguinte orde de prioridade:

1. Persoas solicitantes destinadas no Campus onde estea adscrita a sede da comisión delegada.
2. Persoas solicitantes do subgrupo C2 e subescala administración, con menor nivel de complemento de destino e que participara un número menor de veces dentro das tres últimas convocatorias.
3. Persoas solicitantes do subgrupo C1 e subescala administración con menor nivel de complemento de destino e que participara un número menor de veces dentro das tres últimas convocatorias.

No caso de empate, dentro de cada apartado, seguirase a orde alfabética a partir da letra **M** (vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a Resolución da Consellería de Facenda do 22 de xaneiro de 2026 -DOG do 26 de xaneiro-).

Coas persoas non seleccionadas nesta convocatoria, elaborárase a listaxe de agarda, para cubrir posibles baixas e renuncias e para propoñer os nomeamentos para a convocatoria de xullo.

A Comisión resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación destes criterios.

4.- Calendario, tarefas e retribución

4.1. Datás de celebración:

- Xuño: 2, 3 e 4 de 2026
- Xullo: 30, 1 e 2 de 2026

O día anterior á celebración das probas o persoal seleccionado acudirá á constitución do tribunal, ás 18:00 horas, na sede da Comisión Delegada que lle corresponda.

4.2. O persoal seleccionado deberá estar á disposición do Presidente da Comisión para colaborar nas tarefas que lle sexan encomendadas coa finalidade de que as probas se realicen con toda normalidade. A ausencia inxustificada suporá a substitución inmediata polo/a suplente.

4.3 A CIUG gratificará esta colaboración a razón de 335 euros por cada convocatoria.

O persoal seleccionado será nomeado pola CiUG,

5.- Comisión de selección

Presidencia: Xerenta da Universidade de Vigo

Vogais:

- Xefa da Sección de información a estudantes (SIE)
- Un/ha representante designado/a pola Xunta de PTXAS funcionario.

Secretaría: un/ha funcionario/a que desempeñe o seu posto de traballo no SIE.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A XERENTA